

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso para a cobertura de dous posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, convocados pola Resolución do 13 de outubro de 2021 (DOG núm. 203, do 21 de outubro de 2021).

Mediante a Resolución de 11 de novembro de 2021, na páxina web da Axencia Galega de Innovación, publicouse a relación provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura de dous postos de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido convocado pola Resolución do 13 de outubro de 2021 (DOG núm. 203, do 21 de outubro).

Transcorrido o prazo que se establece na convocatoria para presentar as correspondentes alegacións, esta Dirección

RESOLVE:

Elevar a definitiva a relación de admitidos e excluídos para a cobertura de dous postos de persoal da Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (ver Anexo).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web gain.xunta.gal, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos/as.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que consta na marxe
A directora da Axencia Galega de Innovación
Patricia Argerey Vilar



ANEXO

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

PRAZA NÚMERO: 1

DOMINIO ERC: Ciencias Físicas e Enxeñaría

BOLSA ERC: ERC ADVANCED GRANT

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2021

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 21 de outubro (Núm. 203)

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Salgado López	Carlos Alberto	***6165**

PRAZA NÚMERO: 2

DOMINIO ERC: Ciencias da Vida

BOLSA ERC : ERC STARTING GRANT

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2021

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 21 de outubro (Núm. 203)

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF
Castro Tubio	José Manuel	***0090**

